

ESTRUTURA DE C.B. MARISTAS

O funcionamento do CLUB MARISTAS EL PILAR, non deixa de ter un obxectivo claro "fomentar o baloncesto no colexio", facer do baloncesto un deporte atraente aos nenos e educacional para eles.

Ademais, o ter tan cerca o baloncesto de elite na cidade e tan ligado a nós fainos máis chamativos de cara a que os nenos veñan a xogar a Maristas.

Para conseguir isto temos a seguinte estrutura:

ESCOLAS

Nas escolas, que é o que consideramos desde 1º de primaria ata 4º primaria, tratamos de que os nenos se divirtan, e de que se enganchen a este deporte. De que o coñezan e que empecen a realizar o deporte.

A nivel de adestradores, no noso caso non é doado, porque non é que haxa moitos que queiran adestrar, pero tratamos de buscar xente nova con ilusión que saiba tratar aos nenos e que lle guste adestrar.

Tratamos que, mínimo, estean dous adestradores por grupo, aínda que non sempre é fácil. Intentamos, que xogadores en formación aos cales lles guste adestrar, estean participando preto dos pequenos.

Axudamos aos nosos adestradores a formarse, con axudas económicas para a realización dos cursos de adestrador de baloncesto

1º Adestrador (Iniciación) monitor en formación

2º Adestrador (Iniciación) monitor en formación

3º Adestrador

4º Adestrador

ALEVÍNS

A selección de adestradores é limitada, tratamos que sexan adestradores comprometidos, responsables, que saiban transmitir educación aos nenos e por suposto cun nivel de adestramento aceptable, e con posibilidade de crecer como adestrador.

Temos 3 grupos de alevíns:


Alevín masculino B: Onde hai moitos nenos que empezan a xogar e como a filosofía do colexio é que todos poidan divertirse xogando ao baloncesto.

Alevín masculino A: Un equipo con nenos que levan máis tempo e con mellores calidades físicas e técnicas para este deporte .

Alevín feminino: Grupo de nenas, que xeralmente vai xusto para facer un equipo. Cada grupo dispón do seu adestrador, pero os tres teñen que estar dispostos a axudarse entre si e coñecer ao resto de nenos e equipos.

A partir de alevíns a estrutura vai combinada con **C.D. Bosco** e **Gestibérica** como mostramos no seguinte cadro

ESTRUTURA COMBINADA: R.C. CELTA BALONCESTO FEMENINO E GESTIBÉRICA



A combinación dos clubs e as súas vinculacións fai que poidamos situar aos xogadores no grupo que máis lles conveña polas súas condicións e necesidades. Temos equipos con maior nivel e esixencia que xogan Liga Galega e equipos que xogan liga zonal que son os que pertencen ao CB MARISTAS EL PILAR.

A selección de adestradores é combinada co coordinador de cada club:

Vicente Rodríguez (Gestibérica)

Carlos Colinas (Celta)

É importante a coordinación con eles polo trato e formación dos nenos, pola utilización das pistas, etc.

IMPORTANTE: CREAR AMBIENTE DE BALONCESTO

Sempre VER nenos adestrando.... A todas horas.

A nivel formativo para os nenos:

- Ensinar comportamento e educación.
- Responsabilidade por vir a adestramentos e partidos.
- Convivencia entre os nenos.
- Fomento da amizade .
- Diversión (o neno tense que divertir xogando ao Baloncesto).
- Respecto cara ás normas, ao adestrador, aos árbitros.

A nivel de adestrador:

- Responsabilidade.
- Compromiso co grupo.
- Ilusión e ganas de ensinar, non estar polos cartos;iii
- Ganas de seguir aprendendo.
- Dispostos a colaborar con calquera cousa do colexio (arbitraxes, substitucións a compañeiros, partidos amigables, etc.)
- Dispostos a formarse (axudas do club a nivel económico para facer os cursos de adestrador).

Como coordinadora que busco:

- Que os nenos se enganchen a este deporte e que tanto nenos como pais estean satisfeitos coa actividade extraescolar
- Que o ambiente do colexio inflúa para que máis nenos queiran xogar a baloncesto e nenos doutros colexios queiran vir a Maristas a adestrar.
- Ter as mellores condicións posibles para adestrar; instalacións, material, etc. (non sempre é posible). Actualmente se a meteoroloxía o permite podemos ter en funcionamento 3 campos de Minibasket máis dúas pistas de baloncesto. É dicir, nunha mesma franxa horaria poden adestrar, aproximadamente, 60 ou 70 nenos.

É IMPORTANTE A VINCULACION COS DOUS CLUBS MÁIS REPRESENTATIVOS DE VIGO A Nivel FEMININO E MASCULINO